

Unha polavila homenaxe a Xabier P. Docampo na Coruña

A actividade pretende desenvolverse con carácter anual cada 5 de abril

3 / 4 / 2024 Santiago. Redacción



A coincidir co nacemento de Xabier P. Docampo, este 5 de abril o Fórum Metropolitano da Coruña acolle a primeira *Polavila Xabier P. Docampo na memoria*. A actividade quere lembrar esta destacada figura da nosa literatura infantil e xuvenil cun evento que combina literatura, poesía, música e narración oral e que se

complemente cun ciclo de filmes.

A proposta nace da Iniciativa Polavila Docampo e pretende desenvolverse de xeito anual nunha provincia e cidade distintas cada 5 de abril a coincidir co aniversario do autor, falecido en 2018. A Biblioteca Municipal Fórum Metropolitano e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega participan da organización desta homenaxe coa colaboración da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil e a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda.

O programa da gala que constitúe o acto central desta primeira xeira estará conducido por Paula Carballeira, Lois Pérez e Isabel Risco, e contará coa presenza dos autores membros da Xeración Lamote Paco Martín, Fina Casalderrey e Xavier Senín. Daniel Puente Bello recitará pezas do poemario *Mans*, escrito polo homenaxeado, e iniciará un apartado dedicado á poesía da man de Yolanda Castaño, Dolores Tembrás, Antonio García Teijeiro e Antía Otero.

Francisco X. Fernández Naval, Mercedes Queixas, Irene Penas e Concha Blanco lerán diferentes textos de Docampo, e a sesión finalizará cunha rolda de contos de medo a cargo de Lois Pérez, María da Pontragha, Antonio Reigosa e Paula Carballeira. A música correrá a cargo da cantora Uxía. De xeito previo á gala desenvolverase no propio Fórum unha exposición bibliográfica, un contacontos para público infantil e unha lectura continuada da obra *Catro cartas* a cargo de amizades do autor.

Ademais, a partir do día 5 e ata o vindeiro 26 de abril, a sala de cinema Marilyn Monroe do Fórum acolle un ciclo de cinema en homenaxe ao autor. Neste programa poderán verse os filmes *Das Weisse Band (A cinta branca)* de Michael Haneke, *Le Nouveau (O novato)* de Rudi Rosenberg, *Le Nouveau (O novato)* de Rudi Rosenberg, *Il sol dell'avvenire (O sol do futuro)* de Nanni Moretti e mais *Khane-ye Doust Kodjast (Onde está a casa do meu amigo?)* de Abbas Kiarostami.